

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009901	IES San Paio	Tui	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	8
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	10
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	11
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	11
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	13
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	14
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	17
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	18
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	22
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	23
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	25
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	26
o) Outros apartados	26

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

CURSOS IMPARES (LOMLOE)

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan (Decreto 157/2022, art.6):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos de coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das

outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan (artigo 7 do DECRETO 157/2022):

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Cursos pares (LOMCE)

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan (Decreto 86/2015, art.10):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos

como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan (Decreto 86/2015, art.26):

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as

habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

A ESO e o bacharelato teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Deben, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitalo para o acceso á educación superior.

Estas competencias, entendidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais, son:

Cursos impares (LOMLOE)

- CCL: Competencia en comunicación lingüística
- CP: Competencia plurilingüe
- STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría
- CD: Competencia dixital
- CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender
- CC: Competencia cidadá
- CE: Competencia emprendedora
- CCEC: Competencia en conciencia e expresión culturais

Cursos pares (LOMCE)

- CCL: Comunicación lingüística
- CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD: Competencia dixital
- CAA: Aprender a aprender
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC: Conciencia e expresións culturais

A súa adquisición permitirá ao alumnado, tal e como se comentou anteriormente, responder aos principais desafíos aos que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.
- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.
- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade

persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

Os departamentos incluírán metodoloxías diversas e motivadoras nas que o alumnado traballe cadansúa competencia, o que permitirá a súa avaliación desde cada materia e a valoración do grado de adquisición das competencias.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Traballarase nas diferentes materias a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a iniciativa social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Fomentarase, de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Para todo isto, se fomentará a participación do alumnado en actividades diversas, organizadas desde as diferentes materias, o departamento de Orientación, a vicedirección e o equipo da biblioteca: conferencias de universidades; visitas a museos, auditorios, teatros e centros de investigación; festas tradicionais; actividades deportivas; innovación educativa como o E-Dixgal, o CPInlúe, o STEMBach, o PLAMBE, a aprendizaxe cooperativa..; conmemoracións; saídas de concienciación medioambiental e para coñecer a contorna próxima ao centro educativo; certames; charlas con autoras/es; clubs de lectura, manga e anime, artes...

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os principios metodolóxicos que van guiar a nosa proposta curricular son os seguintes:

- Tendo en conta os resultados das avaliacións iniciais realizadas a comezos de curso, ponse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada orientada a acadar o máximo desenvolvemento de cada alumno/a e na resposta educativa ás dificultades detectadas xa na etapa anterior (Educación Primaria) ou naquelas que xorden ao longo da etapa da ESO. O documento que recolle este principio é o Plan de atención á diversidade (PAD).
- Tal e como queda recollido no Proxecto Lector de centro, o alumnado de todos os niveis, salvo o de 2º de Bacharelato, disporá dunha sesión semanal para fomentar o hábito lector por medio da lectura libre, individual e en silencio durante un mínimo de trinta minutos.
- A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación serán obxecto de tratamento en todas as materias da etapa.
- Favoreceranse as actividades en relación coa contorna do centro, organizándose a través da programación anual de actividades complementarias e extraescolares. En relación ás estratexias de ensino-aprendizaxe, as decisións de carácter xeral son as que figuran a continuación:
- Reforzar a coordinación entre os centros adscritos de Primaria e o instituto para coñecer as necesidades previas que presenta o novo alumnado de 1º de ESO.
- Establecer unha colaboración entre o equipo de profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo.
- Desenvolver unha metodoloxía didáctica fundamentalmente comunicativa, activa e participativa. O diálogo e o debate de ideas e hipóteses serán os eixos da proposta metodolóxica. Tamén se fomentará a creación e o desenvolvemento no alumnado dunha actitude investigadora e crítica.
- Planificar en tódalas materias actividades que fomenten a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o uso das matemáticas e o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O centro terá a disposición de todo o profesorado, departamentos e materias unha serie de materiais e recursos didácticos que con carácter xeral serán utilizados para a consecución dos obxectivos de cada etapa e a adquisición das competencias clave. As

programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que serán seleccionados polos departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e os específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas.

O centro, un edificio de ata catro alturas distribuído en torno a un claustro ou patio interior ao aire libre, dispón dos seguintes espazos:

Edificio:

- Catro aulas por curso, desde 1ESO a 2BAC.
- Dúas aulas para desdobramentos.
- Aula de debuxo, aula de música e de tecnoloxía (dúas aulas á espera de ser unidas).
- Tres laboratorios: de Física, Química e Ciencias Naturais.
- Dúas aulas de Informática.
- Unha aula de Pedagogía Terapéutica.
- Biblioteca e Radio.
- Salón de actos.
- Claustro.
- Cafetería.
- Aseos en todas as plantas.
- Espazos para os departamentos e sala de profesorado.
- Espazo para reunións titoriais coas familias.
- Conserxaría, Secretaría e despachos para Orientación e equipo directivo.
- Espazo para uso do persoal de limpeza.
- Departamento da Escola Oficial de Idiomas, Sección Tui.

Exterior:

- Aparcamento para o persoal do centro.
- Zona verde con mesas.
- Invernadoiro de Ciencias Naturais.
- Pista de fútbol sala ou balonmán.
- Campo de fútbol de terra.
- Pavillón.

Outros medios e recursos:

- O centro conta co proxecto E-Dixgal implantado en toda a etapa educativa da ESO.
- Ordenador, proxector e encerado dixital en todas as aulas de bacharelato; hai tres paneis interactivos.
- Conexión á rede de internet por fibra óptica.
- Diferentes equipos docentes realizan tarefas didácticas, organizativas e pedagóxicas que contribúen ao desenvolvemento da actividade docente e a adquisicións dos obxectivos de etapa, entre eles: equipo de biblioteca, equipo STEMBach, equipo de Plan

Dixital, equipo de aprendizaxe cooperativa, equipo de dinamización da lingua galega, persoa dinamizadora de igualdade...

Os criterios de elección de materiais e recursos didácticos son, con carácter xeral:

- os obxectivos de etapa.
- as situacións educativas concretas de cada materia.
- o nivel de desenvolvemento do alumnado e a súa diversidade.
- a disposición do material e o seu uso.
- a finalidade pedagóxica.
- o contexto educativo do centro.
- a inclusión de elementos transversais.
- a adecuación aos criterios de avaliación establecidos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Tendo en conta que os centros docentes dispoñemos de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas NOF, despois das decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no proceso de admisión (permanencias e matrícula), máis alá das materias ordinarias (troncais, de opción ou modalidade, e optativas, específicas ou libre configuración), as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

Opción relixiosa

- 1º da ESO: proxecto competencial e relixión católica.
- 2º da ESO: valores éticos e relixión católica.
- 3º da ESO: proxecto competencial e relixión católica.
- 4º da ESO: valores éticos e relixión católica.
- 1º de bacharelato: afondamentos e relixión católica.
- 2º de bacharelato: afondamentos e relixión católica.

Libre disposición de centro

- 1º da ESO: Lingua Galega (+1 sesión) e Lingua Castelá (+1 sesión).
- 2º da ESO: LOMCE, non procede.

Materias optativas

- 3º da ESO: cultura clásica, oratoria, educación dixital e segunda lingua estranxeira (francés/portugués).

- 1º de Bacharelato: anatomía aplicada, cultura científica, segunda lingua estranxeira I (francés/portugués), TIC I ou linguaxe e práctica musical.

Materias específicas

- 4º da ESO: cultura científica; educación plástica, visual e audiovisual; filosofía; TIC; música; 2ª lingua estranxeira (francés/portugués) e tecnoloxía.
- 2º de Bacharelato: debuxo artístico II, psicoloxía, historia da filosofía, historia da música e da danza, TIC II, tecnoloxía industrial II, 2ª lingua estranxeira II (francés), relixión católica.

Materias de libre configuración autonómica

- 2º da ESO: xadrez, oratoria, promocións e estilos de vida saudable.
- 2º de Bacharelato: ética e filosofía do dereito, e métodos estatísticos e numéricos.

Materias de libre configuración de centro

- 2º da ESO: música.
- 2º de Bacharelato: afondamentos.

STEMBach - Bacharelato de excelencia

- Afondamento STEM I
- Afondamento STEM II

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Tipo de actividades:

1. Complementaria (en horario escolar)

Son aquelas que se realizan dentro do horario lectivo para complementar a actividade habitual da aula. Estas poden ter lugar dentro ou fóra do centro. A planificación e aprobación das actividades complementarias tomará como referencia os obxectivos propostos para cada etapa, ciclo e nivel e a premisa de inclusión das mesmas dentro das programacións de aula, primando na selección das mesmas o criterio de rendibilidade pedagóxica e a conexión co proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2. Extraescolar (de día completo ou de máis dun día)

Son as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado. As actividades extraescolares, que exceden o horario lectivo, teñen carácter voluntario para o alumnado e buscan a implicación activa de toda a comunidade educativa. Estas actividades inclúense na Programación Xeral Anual (PXA) que se elabora ao comezo do curso e válidanse polo Consello escolar do centro.

Para que o alumnado poida participar nelas, cando estas teñen lugar fóra da localidade do centro, é preceptiva unha autorización asinada pola/s persoa/s responsable/s. De ter algún custe (transporte, entradas...), poden estar subvencionadas, parcial ou totalmente, polo centro, polo departamento organizador con cargo á parte do seu orzamento anual reservado a este fin ou pola ANPA para o seu alumnado asociado.

Programación e aprobación das actividades propostas

- A vicedirección encargarse de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.
- A programación é aprobada no primeiro consello escolar ordinario unha vez iniciado o curso, logo da elaboración por parte da vicedirección, oídos os departamentos.
- Ao longo do curso pódense incorporar novas actividades conforme a súa conveniencia pedagóxica.

Organización e desenvolvemento

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares deberase contar cos seguintes requisitos:

- Que figuren na programación didáctica dalgún dos departamentos organizadores ou conten coa aprobación do consello escolar.
- Autorización escrita das persoas responsables de alumnado.
- O alumnado estará acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun/dunha profesor/a por cada vinte alumnos/as (dentro do territorio estatal) e un/unha docente por cada quince alumnos/as (fóra do territorio estatal).

O desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares cumprirá as seguintes normas:

- O profesorado encargado das actividades comunicará con antelación suficiente á vicedirección a hora e día de realización da actividade, o alumnado que asistirá á mesma e o curso ao que pertencen; utilizarán para iso o modelo establecido ao efecto.
- Todo o alumnado menor de idade deberá presentar previamente a autorización correspondente no suposto de que a actividade sexa fóra do centro.
- A vicedirección dará publicidade da mesma na sala de profesorado e no calendario interactivo habilitado na páxina web do centro, para coñecemento de toda a comunidade educativa.

As condicións esixibles para a realización de viaxes de estudos e culturais serán:

- Que estea avalado por un departamento didáctico, entendendo por avala a consideración da utilidade da viaxe para fins educativos xerais ou específicos da/s materia/s que imparte ese departamento, con especificación concreta de actividades realizables na viaxe, ou a existencia dun grupo de profesorado que a avale e elabore un

proxecto previo da viaxe que presentará á vicedirección.

- A dispoñibilidade de, polo menos, un profesor ou profesora por cada vinte alumnos (ou un por cada quince alumnos se é fora do territorio estatal).
- O Visto e prace da vicedirección ao orzamento da excursión, oída a persoa secretaria.
- Velarase pola non concorrencia de viaxes culturais.
- En xeral, intentarase non celebrar actividades complementarias e extraescolares en datas que poidan coincidir coas dos exames ou probas propias da fin de curso.
- A asistencia ás actividades complementarias por parte do profesorado que teña docencia nun grupo é obrigada. No caso de que non fose precisa a súa asistencia pasará a prestar apoio ao profesorado de garda.
- As normas de convivencia do centro rexerán tamén en calquera tipo de actividade complementaria e extraescolar que se realice fóra do recinto escolar.

Uso de teléfono móbil

-As restricións de uso do teléfono móbil son extensivas da actividade lectiva ás actividades complementarias e extraescolares, agás as seguintes situacións:

-Cederase un teléfono móbil propiedade do centro para o profesorado coordinador da actividade con servizo de chamadas e datos precontratados.

Participación

-O impreso de autorización de participación na actividade, conforme ao modelo habilitado pola vicedirección, deberá ser asinado pola persoa responsable do alumnado, ou polo propio alumnado en caso de ser maior de idade.

-A participación do alumnado en calquera das actividades organizadas polo centro será voluntaria cando se desenvolvan fóra do horario lectivo e realizárase aplicando os criterios seguintes:

- Que o consello escolar, a comisión de convivencia ou a dirección non tivese expresamente prohibido a súa participación debido á comisión de faltas de conduta no curso.
- Así mesmo, o comportamento inadecuado dun/dunha alumno/a pode xerar por parte da xefatura de estudos a petición da exclusión do alumnado en cuestión das actividades complementarias e/ou extraescolares, previa xustificación da mesma exclusión baseada en informes escritos de persoas titoras e profesorado.
- Ter entregado en prazo ao profesorado responsable da actividade a autorización debidamente asinada polos responsables legais do alumno/a.
- Ter feito efectivos os pagamentos correspondentes.
- O alumnado que polas súas circunstancias especiais requiran dun coidado extra, poderán ir ás excursións sempre que vaian acompañados/as dalgunha persoa responsable dos mesmos/as designada pola súa familia, asumindo este o seu custe.
- O equipo directivo, xunto co/a organizador/a, decidirá a sobre a suspensión dunha actividade cando o número reducido de participantes desaconselle a realización da mesma.

No caso de haber para unha viaxe cultural máis profesorado dispoñible que o necesario, a selección farase de acordo cos seguintes criterios segundo esta orde:

- Que o profesorado imparta clase no curso implicado.
 - Pertenza do profesorado a un dos departamentos que avalan a actividade extraescolar ou ao grupo que avale a mesma.
 - Non ter realizado outra excursión do mesmo tipo no mesmo curso académico, agás necesidades organizativas.
 - Ter experiencia na organización de excursións, sen superar por isto o número de dúas actividades por curso, de xeito que poida participar profesorado novo que irá adquirindo experiencia.
 - De darse igualdade de condicións entre profesorado procederase ao sorteo.

Atención ao alumnado que non asiste a unha actividade

O alumnado que non poida ou queira participar nas actividades complementarias (cando teñen custe) ou extraescolares (en calquera caso) será atendido sempre polo profesorado pertencente ao equipo docente do seu grupo que teña clase nesa sesión ou día e quede liberado da súa docencia. No seu defecto, disporase de profesorado de garda.

Responsabilidade civil e patrimonial

Será a fornecida pola consellería con competencias en materia de educación e o seguro que, de ser o caso, se contrate para tal fin.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

De acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado de ESO que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O modelo utilizado basease na citada Orde e contén os seguintes apartados, a cubrir polo profesorado para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

1. Identificación do alumno/a
2. Información relevante sobre a materia sen superar (obxectivos e competencias)
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento

5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
6. Tarefas para realizar, coa debida temporización
7. Seguimento e avaliación durante o curso, por trimestres
8. Acreditación da información á familia, por trimestres
9. Sinaturas de profesorado implicado.

Serán os departamentos os que decidan que docente se ocupará de cada nivel (o que imparte a materia no curso pendente ou o que imparte docencia no curso actual).

O plan de pendentes elaborado polo profesorado ao inicio do curso deberá seguir directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser o caso, realizaráselle as melloras que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizado o alumnado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na ESO e no bacharelato. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando o alumnado da ESO permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares a as necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O modelo utilizado no centro, baseado na citada Orde e dispoñible na páxina web, conta cos seguintes apartados, a cubrir polo profesorado para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

1. Identificación do alumno/a
2. Necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
3. Medidas aplicadas durante o curso non superado.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. Medidas extraordinarias (de ser o caso).
7. Seguimento e avaliación
8. Acreditación da información a familiar
9. Sinaturas do profesorado implicado

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de

ser o caso, realizaránselle as melloras que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios xerais sobre procesos e procedementos da avaliación

1. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
2. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, redactaranse os criterios de cualificación de xeito claro e sen ambigüidades e explicaranse ao alumnado a comezo de curso.
4. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situación de aprendizaxe.
5. Utilizarase as sesións de avaliación para realizar propostas para a mellora dos resultados do alumnado.

Criterios de promoción e titulación na ESO

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do DECRETO 156/2022.

Promoción na ESO (artigo 25 do DECRETO 156/2022)

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción do alumnado, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas materias e en tódolos ámbitos en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

2. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

3. Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

4. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

5. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Para cumprir esta condición será necesario que teña como máximo unha competencia con cualificación negativa.

1. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Titulación na ESO (artigo 26 do DECRETO 156/2022)

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en ESO o alumnado que supere tódalas materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte do alumnado, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas materias e en tódolos ámbitos en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

2. Que a xuízo do equipo docente o alumnado adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

3. Que a xuízo do equipo docente o alumnado alcanzase os obxectivos da etapa.

Criterios de promoción e titulación no Bacharelato

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 157/2022.

Promoción no Bacharelato (artigo 23 do DECRETO 157/2022)

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. O alumnado acadará a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando

superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. O alumnado do primeiro curso de Bacharelato que non cumpra as condicións de promoción establecidas deberá matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso, por implicar continuidade.

6. O alumnado que ao termo do segundo curso teña avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

Titulación no Bacharelato (artigo 24 do DECRETO 157/2022)

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en tódalas materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel polo alumnado que superase tódalas materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

1. Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

2. Que non se producise unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumnado na materia. Considerarase inasistencia continuada cando a alumna ou o alumno alcance o cuádruple de faltas inxustificadas que o número de clases semanais da devandita materia (+/- un mes).

3. Que o alumnado se presentase ás probas e realizase as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. A non realización das actividades determinadas na programación da materia correspondente (traballos obrigatorios, probas escritas finais en branco...) imposibilitará a titulación.

4. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Matrícula de honra en 4º ESO (artigo 12 da Orde do 25 de xaneiro de 2022)

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

1. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

2. En caso de empate no noso centro, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1. Maior nota media en 4º ESO
2. Maior nota media na etapa.
3. Maior número de cualificación 10 en 4º ESO.
4. Maior número de cualificación 9 en 4º ESO.
5. Maior número de cualificación 10 na etapa.
6. Maior número de cualificación 9 na etapa.
7. Se persistise o empate concederáse á persoa con notas máis altas en 4º e, se fose necesario, en segundo lugar, na etapa.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniráse en sesión extraordinaria para revisar a relación.

Matrícula de honra en 2º de Bacharelato (artigo 18 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022)

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de Bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

1. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

2. En caso de empate no noso centro, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1. Maior nota media en 2º de Bacharelato.
2. Maior nota media na etapa.
3. Maior número de cualificación 10 en 2º Bacharelato.
4. Maior número de cualificación 9 en 2º Bacharelato.
5. Maior número de cualificación 10 na etapa.
6. Maior número de cualificación 9 na etapa.
7. Se persistise o empate concederáse á persoa con notas máis altas en 2º Bacharelato e, se fose necesario, en segundo lugar, na etapa.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniráse en sesión extraordinaria para revisar a relación.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

A principios de curso, e dentro dos prazos establecidos pola consellería competente en materia de educación, as xefaturas de departamento das materias de ESO e Bacharelato, presentarán a través de medios informáticos cadansúa programación de cansúa materia e de cadanseu nivel, nas que constarán, como mínimo os seguintes puntos:

ESO e Bacharelato: estrutura dos cursos impares (artigo 41.3 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022)

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación
4. Metodoloxía
 - Concrecións metodolóxicas
 - Materiais e recursos didácticos
5. Avaliación
 - Procedemento para a avaliación inicial
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato
 - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias,

no caso do bacharelato

6. Medidas de atención á diversidade
 7. Transversal
- Concreción dos elementos transversais
 - Actividades complementarias
 - 8. Práctica docente
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

ESO e Bacharelato: estrutura dos cursos impares (artigo 41.4 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022)

1. Introducción
 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais
 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
 4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
- Temporalización
 - Grao mínimo de consecución
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
 - 5. Concrecións metodolóxicas
 - 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar
 - 7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación
 - 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
 - 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso
 - 10. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato
 - 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
 - 12. Medidas de atención á diversidade
 - 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda
 - 14. Actividades complementarias programadas
 - 15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os departamentos realizarán o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

As programacións incorporarán as propostas de mellora recollidas no curso anterior.

A elaboración da programación dos cursos pares farase conforme modelo remitido pola

dirección ás xefaturas de departamento.

Para a elaboración das dos cursos impares utilizarase a aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>).

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A comezo de curso o equipo directivo informará dos posibles proxectos, plans e programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e programas informando ao claustro daqueles que poidan ser do seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da vicedirección e/ou da Comisión de Coordinación Pedagóxica, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os membros dos departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da comunidade educativa.

Seguirase o seguinte protocolo:

1º Proposta motivada de participación do centro dirixida á dirección e elaborada por vicedirección, o departamento didáctico, profesorado ou comisión do centro.

2º Claustro e/ou CCP onde se informe e/ou aprobe a participación polo profesorado e os departamentos didácticos.

3º Consello escolar onde se informe e/ou aprobe á comunidade educativa.

4º Elaboración da documentación e presentación da proposta, por parte das persoas coordinadoras, nos prazos que estableza cada convocatoria.

5º Memoria final e informe de avaliación da participación dirixidos á dirección ao remate, de ser o caso.

A dirección poderá delegar o seguimento e avaliación da proposta en vicedirección ou xefatura de estudos segundo corresponda.

Establécense os seguintes criterios xerais para a participación do centro en proxectos, plans ou programas:

- Lexislación aplicable, características e requisitos da convocatoria
- Liñas pedagóxicas e obxectivos a conseguir
- Efectos sobre a convivencia escolar e a equidade na educación
- Grao de participación da comunidade educativa
- Secuenciación e temporización da proposta

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Para a avaliación da concreción curricular, propóñese como indicadores de logro, os seguintes:

- Resultados da avaliación do curso en cada unha das materias, por curso e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

A modificación da concreción curricular realizarase tendo en conta a memoria anual de centro (MAC), que inclúe as memorias de cada departamento, e as propostas dos representantes dos diferentes sectores comunicadas nos órganos colexiados (claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica e consello escolar) da comunidade educativa, tras a avaliación da mesma segundo os criterios mencionados anteriormente, sempre a comezo de cada curso xunto coa elaboración das programacións.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non procede.